

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO -SAF BÁSICO PARA O EXERCICIO 2025*

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión do 28 de marzo de 2025, acordou aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico -SAF básico para o exercicio 2025, que se expuxeron ao público mediante o anuncio publicado no BOP núm. 64, do 3 de abril de 2025, durante o prazo de 10 días hábiles, sen que se presentasen alegacións, polo que se consideran aprobadas definitivamente.

Para cumprir co dito acordo, publícase a continuación o texto íntegro do dito programa.

#### I. Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria

Constitúe o obxecto deste Programa: BenOurense SAF básico, a regulación da concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Este programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O presente programa estrutúrase en dúas accións:

1.º) Acción 1. Dixitalización do SAF. Asistencia económica co obxecto de facilitarlle ás entidades locais a xestión dixitalizada do SAF a través dunha ferramenta informática contratada pola entidade local.

2.º) Acción 2. Cofinanciamento SAF Básico. Asistencia económica para o cofinanciamento da prestación do servizo de axuda no fogar básico - SAF básico.

Para a concesión destas axudas resérvase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de 1.450.000,00 €

#### II. Beneficiarios

Acción 1. Dixitalización do SAF. Serán beneficiarias as entidades locais de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF e que xestionen xa ou decidan xestionar dixitalmente o SAF facendo uso dunha ferramenta informática contratada pola entidade local. Para que esta dixitalización sexa subvencionable, a ferramenta informática contratada terá que ofrecer, como mínimo, as prestacións recollidas no anexo I destas bases.



Serán subvencionables os gastos derivados da prestación deste servizo/subministración e que se recollan na/s factura/s emitidas ás entidades locais pola empresa responsable da prestación do dito servizo/subministración, de acordo ao establecido na base III.1.

Acción 2. Cofinanciamento do SAF Básico. A Deputación poderá recoñecerlles subvención a través deste Programa, en atención ao disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, que presten o servizo de axuda no fogar básico- SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo ou a combinación de ambos.

Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu Programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou o devandito programa non recolla ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais, sexa necesario para a persoa usuaria, podendo xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás devanditas persoas beneficiarias.

### III. Contías das subvencións

#### 1. Acción 1: Dixitalización do SAF

A contía económica recoñecerase por entidade local adherida a esta liña de subvención que preste servizo de SAF Básico e está destinada á dixitalización da xestión do servizo de axuda no fogar, que se establecerá conforme aos seguintes criterios:

1.1. O importe máximo destinado a esta liña de subvención será de 202.500,00 €, que se repartirá entre todas as entidades locais adheridas e que así o manifesten no documento de adhesión segundo o modelo facilitado pola Deputación de Ourense. A contía máxima resultante non poderá ser superior a 2.500,00 € para as entidades locais de menos de 5.000 habitantes, e de 3.500,00 € para as entidades locais de 5.000 habitantes ou máis, sen prexuízo do que recolle a base III 2.2 c). No caso de entidades que presten o servizo de SAF básico de forma mancomunada será a mancomunidade a tida en conta para a contía máxima prevista.

1.2. Logo do período de formalización da adhesión, unha vez feito o reparto económico e recoñecéndolles as contías ás entidades locais solicitantes ata os importes máximos establecidos anteriormente, a contía sobrante incorporarase á Acción 2: Cofinanciamento do SAF básico, e será repartido conforme aos criterios recollidos no apartado III.2.1.c)

1.3. A contía máxima prevista para cada entidade local queda condicionada, en todo caso, á contía xustificada e que será a correspondente á/s factura/s xerada/s pola empresa elixida para a prestación do servizo/subministración de dixitalización á data de xustificación desta subvención.

No caso daquelas entidades locais que se adhiran a esta Acción 1 e xustifiquen gastos nesta liña de subvención, pero non consuman a totalidade da subvención máxima recoñecida, o importe non xustificado incrementaráse de forma automática á contía recoñecida para a Acción 2.



## 2. Acción 2: Cofinanciamento da prestación do SAF básico:

### 2.1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo lineal: asígnase a cada entidade local unha contía fixa de 1.500,00 €.

b) Tramo fixo reto demográfico: asígnase un tramo fixo segundo o grao no que estea clasificado o concello adherido en atención “á prioridade demográfica”, tal e como establecen os criterios recollidos no anexo II. Os concellos aparecen clasificados por graos no anexo III e as contías asignadas deste tramo fixo son as seguintes:

- Concellos clasificados como “sen prioridade”: 2.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 1: 3.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 2: 3.500,00 €
- Concellos clasificados como grao 3: 4.000,00 €

c) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase a ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado aos tramos fixos-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

#### c.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.
- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

#### c.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.
- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

#### c.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo IV do presente Programa.

d) Tramo esforzo económico: resérvase un orzamento inicial de 50.000,00 € para repartir trala adhesión ao Programa entre aquelas entidades locais adheridas que, segundo os datos xustificadas do último exercicio pechado, conste unha aportación de financiamento propio ao servizo axuda no fogar básico de, como mínimo, un 30% do custo neto do SAF básico xustificado.

As contías que se lles asignarán resultarán da aplicación das regras de reparto económico descrito no apartado c) para o “tramo variable”.

e) Aquelas entidades locais, que soliciten a súa adhesión a esta Acción 2, e que tivesen sen executar nos dous últimos exercicios, dos que se teñen datos, un 20% ou máis do importe da subvención concedida, minoraráselle un 20% a contía resultante no reparto definitivo efectuado trala adhesión.



Este remanente engadirase ao remanente xerado daquelas entidades que renunciem a contías durante a adhesión, e incrementará o orzamento inicial previsto para o tramo d) “tramo esforzo económico”, e repartirase segundo se recolle nese apartado.

2.2. A contía máxima inicial prevista por entidade local, e que aparece recollida no anexo IV deste programa, ou en todo caso, a contía da subvención concedida que conste na correspondente resolución, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local, calculado de xeito mensual, conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).

O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básico e dependencia), polo número de horas de servizo prestadas de SAF básico xestión directa, e dividindo o resultado entre o número de horas SAF totais prestadas con xestión directa (básico + dependencia).

b) Xestión indirecta do servizo: o custo bruto do SAF básico será o que apareza reflectido na factura emitida pola adxudicataria do servizo.

c) Á contía resultante correspondente ao custo bruto do SAF básico, tanto para a xestión do servizo directa coma a indirecta ou á suma de ambas as dúas, poderá sumárselle ata un máximo dun 15% da contía total da subvención en concepto de “outros gastos ou custos do servizo” e outro 15% para “gastos de dixitalización do SAF básico”.

Entenderanse como “outros gastos ou custos do servizo”, gastos de persoal indirectamente relacionados coa prestación do SAF de coordinación e/ou control administrativo de servizo (distinto á/ao traballador/a social), gastos relativos á formación prevista na base XI.1, gastos en material funxible (luvas, máscaras, material desinfectante ...), ou análogos.

Entenderase como “gastos de dixitalización do SAF básico”, aqueles gastos asumidos pola entidade local para xestionar e/ou implementar a xestión informática do servizo e que superen o importe da subvención recoñecido na Acción 1 e sexan directamente imputables (asistencia técnica, parte económica asumida directamente pola entidade local na implementación e/o xestión do servizo etc.)

Obtido o custo bruto do SAF básico de xeito mensual, tanto para a xestión directa coma para a xestión indirecta, e sumado o importe en “outros gastos”, e o importe de “gastos de dixitalización” o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

A determinación do custo neto do SAF básico obtido da forma indicada aparecerá reflectido na Memoria económica asinada pola persoa responsable da secretaría/intervención da entidade local correspondente, e será o gasto efectivamente xustificado para os efectos deste Programa.



#### IV. Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlles a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía/Presidencia (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que poñerá á súa disposición a Deputación.

O modelo normalizado porase a disposición pola Deputación e nel recóllese a certificación da Alcaldía/Presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas ao concello para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán o importe total asignado ao resto dos concellos segundo as normas de reparto recollidas nas base III.2.1. c) e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no anexo IV destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa.

#### V. Réxime xurídico

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas



no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

## VI. Xustificación e pagamento

As subvencións previstas neste programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

### 1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 30 de xuño de 2025, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80% do importe total de subvención previsto a cada concello. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo V que pon a disposición a Deputación de Ourense.

### 2. Xustificación e pago final

Ata o 30 de novembro de 2025, as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da/s subvención/s concedida/s asinada dixitalmente e segundo os formularios facilitados pola Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

A xustificación final do programa, na Acción 1, poderá incluír :

- Os gastos efectuados correspondentes ás facturas emitidas pola mercantil prestadora do servizo/subministración de dixitalización, a día 31 de outubro de 2025.
- Os gastos comprometidos coa mercantil prestadora do servizo/subministración ata decembro do ano 2025.

No caso da Acción 2, poderase incluír:

- Os gastos efectuados do SAF básico ata o 31 de outubro de 2025.
- Os gastos comprometidos para os meses de novembro e decembro de 2025, no caso de quere-los xustificar.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar os seguintes formularios normalizados:



## Acción 1: Dixitalización do SAF

1. Certificación de gastos efectuados, emitida pola persoa responsable da intervención/secretaría, onde deixe constancia das prestacións mínimas garantidas pola empresa en coherencia co contido do anexo I destas bases.

2. Facturas emitidas pola empresa contratada a data de presentación da xustificación.

3. De ser o caso, certificado de gastos comprometidos que se deriven da dixitalización do SAF ata decembro de 2025, asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

## Acción 2: Cofinanciamento do SAF

1. Certificación de gastos efectuados do SAF básico, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2025, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.

2. Memoria económica do SAF, relativa aos gastos efectuados, dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro de 2025, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.

3. No caso de querer xustificar gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2025, poderán presentar un certificado de gastos comprometidos asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

En ambos casos, ademais presentaranse:

a) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Actualización á Declaración responsable de subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade xa aportadas na fase de solicitude

c) Achegaranse, xunto cos formularios, as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base XI (fotografía cartel, capturas páxina web...).

As certificacións de gastos executados e comprometidos e as memorias que teñen que aportarse deberá estar asinadas polos responsables da secretaría/intervención, e, no caso da Acción 2, os datos reflectirán o sistema de cálculo do custo bruto e neto recollido na base III.2.2., segundo corresponda o tipo de xestión directa ou indirecta do servizo, deberá de estar firmada electronicamente polo/a funcionario/a responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2025, obxecto desta convocatoria.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.



En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos emendables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

## VII. Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos no que o importe do gasto xustificado (correspondente ao custo neto do SAF básico e á contía para dixitalización) polas entidades locais beneficiarias sexa inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas neste programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

## VIII. Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

## IX. Réxime de protección de datos achegados coa solicitude

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

### 2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.



c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.gal](http://www.benourense.depourense.gal)

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atópanse a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.



h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

## X. Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo do exercicio 2025. O control financeiro incluirá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade co disposto na base 83 do orzamento xeral para o ano 2025 da Deputación Provincial de Ourense.

## XI. Obrigas das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1. Promover e levar a cabo accións/actuacións formativas de sensibilización e prevención en saúde mental e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, dirixidas ás persoas que exercen os coidados das persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar básico. A entidade local beneficiaria promoverá a realización de sesión/s formativa/s que terá/n unha duración mínima de 2 horas anuais e que deberá contar cun contido deseñado e axustado ao público ao que vai dirixido. A dita formación poderá ser impartida, entre outros, polos profesionais dos servizos sociais da propia entidade local, con titulacións de traballo social, educación social, psicoloxía...

As accións realizadas recolleranse na memoria de execución na fase de xustificación.

2. Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora



inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial dos ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

3. A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como co financiado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20% da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención será realizada por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Publícase isto e advírtese que contra a aprobación definitiva destas bases, que poñen fin á vía administrativa, as entidades locais interesadas poderán formular un requirimento de anulación, previo ao recurso contencioso –administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de dous meses, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), igualmente no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, e vencerán no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non contará o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que considere procedente.

Ourense, 24 de abril de 2025. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.



## ANEXO I

### PRESTACIÓNS MÍNIMAS DA FERRAMENTA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DO SAF

A ferramenta informática contratada pola entidade local beneficiaria de subvención polo Programa BenOurense SAF 2025, deberá ofrecer como mínimo as seguintes prestacións:

1. Necesidades básicas do persoal técnico municipal xestor do SAF e procesos de transformación dixital.

1.1. Xestión electrónica dos documentos técnicos do SAF.

1.2. Elaboración automatizada dos documentos do Plan de Intervención.

1.3. Xestión da lista de espera do Servizo.

1.4. Xeración e arquivo dos informes de seguimento das persoas beneficiarias.

1.5. Xeración automática dos informes de incidencias relacionados coa execución do servizo.

1.6. Elaboración telemática de Memorias de xestión.

1.7. Xestión e almacenamento electrónico dos documentos técnicos do SAF.

2. Xestión telemática e control dos/as auxiliares de axuda no fogar.

2.1. Control de asistencia dos/as auxiliares de axuda no fogar.

2.2. Exportación do ficheiro de rexistro da xornada laboral, segundo o RD 18/2019.

2.3. Análise automático das discrepancias entre os tempos de servizo previstos e os tempos realizados.

2.4. Xeración automatizada de axendas de traballo semanais/mensuais e actualizacións de horarios.

2.5. Cómputo mecánico das horas traballadas polos/as auxiliares, tendo en conta a asignación de servizos, coberturas, IT...

2.6. Control da execución do SAF con empresa prestataria (xestión indirecta).

3. Xestión financeira do SAF.

3.1. Realización automática do cálculo do copagamento mensual.

3.2. Emisión automatizada de recibos de copagamento aos beneficiarios do SAF. Xeración de remesas bancarias e emisión de ficheiros.

3.3. Configuración automatizada de cartas para o envío de comunicacións/recibos.

3.4. Xeración de informes de custos económicos do SAF.

4. Explotación de datos para o control do SAF

4.1. Xeración automática de informes de datos da prestación de servizo, segundo parámetros demandados pola entidade local.

4.2. Xeración automática de listaxes para a elaboración de Memorias de Xestión.

4.3. Xestión da posibilidade de xerar, archivar, consultar e exportar todo tipo de listaxes e expedientes para a xustificación anual das distintas subvencións e/ou organismos.

4.4. Repositorio/arquivo documental.



## ANEXO II

### CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que “a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, comporta a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”.

O citado documento enumera as “catro figuras” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

#### 1. Datos oficiais empregados

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.



Dato	Rexistro oficial	Enlace	Data
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	<a href="https://www.mivau.gob.es/urbanismo-y-suelo/suelo/atlas-estadistico-de-las-areas-urbanas">https://www.mivau.gob.es/urbanismo-y-suelo/suelo/atlas-estadistico-de-las-areas-urbanas</a>	Decembro de 2023
Poboación oficial	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado: 13/12/2024
Variación da poboación (2014-2023)	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado:13/12/2024. Elaboración propia a partir dos datos oficiais do INE
Superficie do termo municipal	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=">http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=</a>	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Poboación INE 2023- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada cos datos do INE para poboación e do IGE para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	<a href="https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p">https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p</a>	Elaboración Propia con datos de Poboación de 2023 (publicados o 03/05/2024, que son os dispoñibles segmentados por idade e por concello)
Taxa de natalidade	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001">http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001</a>	Elaboración Propia con datos de nacementos segundo sexo por concellos anos 2021-2022 e 2023 que son os definitivos a 03/05/2024

## 2. Clasificación inicial dos concellos da provincia de Ourense

### a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2024” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

- Ter máis de 10.000 habitantes.

- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:



- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

## b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “con prioridade demográfica”, obterán un GRAO. Os graos son: Grao 1, Grao 2 e Grao 3, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “sen prioridade demográfica”, obterán un Grao 0.

### 3. Aplicación dos criterios para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

#### 1. Poboación

Os concellos clasificaranse en:

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes
- De 5001 a 10.000 habitantes
- De 10.001 a 20.000 habitantes

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2024.

#### 2. Situación xeográfica

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

#### 3. Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2014-2023.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2023.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2023
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2023.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2023

#### 4. Densidade demográfica municipal

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> .



- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

## 5. Índice de envellecemento

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2023<sup>1</sup>, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

## 6. Taxa de natalidade

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2021,2022,2023<sup>2</sup>, en atención ao que os concellos clasificaranse en:

- Taxa inferior a 2
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3
- Taxa igual ou superior a 3

## 4. Clasificación dos concellos: sen / con prioridade demográfica e grao 0/1/2/3

En aplicación dos criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

### 1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

### 2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

1 Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

2 Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.



## GRAO 1

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

## GRAO 2

Concellos Con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>

- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.

- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

## GRAO 3

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2023 maior ao 20%

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2023 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:

Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou

Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2



## ANEXO III

### CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO

	Concello	Clasificación prioridade demográfica
1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 1
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 2
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	sen prioridade
25	Cenlle	Grao 1
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	Grao 1





28	Cortegada	Grao 1
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 1
38	Lobeira	Grao 3
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 2
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar, O	sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 1
58	Piñor	Grao 2
59	Pobra de Trives, A	Grao 1
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 2





62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 3
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 2
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 2
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 3
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 1
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 1
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 3



## ANEXO IV CONTÍAS INICIAIS SAF BÁSICO 2025

	Concello	Reparto inicial contías 2025
1	Allariz	27.546,75
2	Amoeiro	13.499,71
3	Arnoia, A	8.138,90
4	Avión	11.478,74
5	Baltar	8.699,98
6	Bande	17.893,71
7	Baños de Molgas	10.142,17
8	Barbadás	21.842,68
9	Barco de Valdeorras, O	38.425,93
10	Begade	6.873,03
11	Beariz	8.560,12
12	Blancos, Os	8.186,03
13	Boborás	13.249,42
14	Bola, A	9.092,82
15	Bolo, O	8.471,14
16	Calvos de Randín	7.915,93
17	Carballeda de Avia	9.479,22
18	Carballeda de Valdeorras	10.030,68
19	Carballiño, O	40.461,09
20	Cartelle	14.378,61
21	Castrelo de Miño	9.846,86
22	Castrelo do Val	9.067,62
23	Castro Caldelas	15.836,67
24	Celanova	24.984,51
25	Cenlle	8.536,55
26	Chandrexa de Queixa	9.684,11
27	Coles	16.399,58
28	Cortegada	8.341,48
29	Cualedro	10.949,79





30	Entrimo	14.444,88
31	Esgos	8.634,09
32	Gomesende	7.990,96
33	Gudiña, A	15.381,49
34	Irixo, O	10.090,71
35	Larouco	7.139,38
36	Laza	9.366,68
37	Leiro	10.055,89
38	Lobeira	11.784,92
39	Lobios	20.931,13
40	Maceda	15.142,84
41	Manzaneda	12.485,19
42	Maside	15.286,46
43	Melón	9.160,35
44	Merca, A	11.687,76
45	Mezquita, A	13.805,89
46	Montederramo	11.364,76
47	Monterrei	13.992,21
48	Muíños	17.412,27
49	Nogueira de Ramuín	12.182,95
50	Oímbra	10.918,72
51	Ourense	0
52	Paderne de Allariz	9.571,95
53	Padrenda	10.754,71
54	Parada de Sil	10.069,26
55	Pereiro de Aguiar, O	28.750,96
56	Peroxa, A	11.106,29
57	Petín	7.729,99
58	Piñor	9.197,86
59	Pobra de Trives, A	21.726,62
60	Pontedeva	7.218,16
61	Porqueira	8.121,20



62	Punxín	7.332,34
63	Quintela de Leirado	7.728,36
64	Rairiz de Veiga	9.422,95
65	Ramirás	10.657,18
66	Ribadavia	23.017,12
67	Riós	10.278,28
68	Rúa, A	20.342,34
69	Rubiá	10.214,50
70	San Amaro	8.897,75
71	San Cibrao das Viñas	14.225,37
72	San Cristovo de Cea	12.461,62
73	San Xoán de Río	10.034,24
74	Sandiás	9.175,36
75	Sarreaus	9.010,29
76	Taboadela	10.082,15
77	Teixeira, A	8.353,60
78	Toén	8.876,06
79	Trasmiras	9.576,76
80	Veiga, A	8.827,53
81	Verea	9.082,63
82	Verín	39.733,68
83	Viana do Bolo	28.949,21
84	Vilamarín	11.455,17
85	Vilamartín de Valdeorras	11.335,13
86	Vilar de Barrio	9.497,98
87	Vilar de Santos	7.482,40
88	Vilardevós	11.234,90
89	Vilariño de Conso	9.964,22
90	Xinzo de Limia	40.633,89
91	Xunqueira de Ambía	10.071,95
92	Xunqueira de Espadanedo	8.024,72
		1.197.500,00





## ANEXO V

Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Nome e apelidos.....

NIF....., en nome propio, ou en representación da entidade .....

....., con NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, declaro responsablemente ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que me atopo ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado/a da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

**R. 1.050**

